

Cumprir todas as medidas de prevención que estableza o CERCUD neste protocolo.

### MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Organización, deportistas, acompañantes, público, etc.)

- Nos días previos recoméndase a inscrición voluntaria nos cribados abertos nas áreas sanitarias dos participantes,
- O día do evento, antes do desplazamento, realizarase un auto test para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: *Teño febre, tos ou falta de alento?*
- Realizarase a toma de temperatura a chegada de tódolos participantes.
- Deberase utilizar a máscara en todo o recinto deportivo. A chegada facilitarase unha máscara FFP2 a cada participante.
- Deberase manter a distancia de seguridade interpersonal, ademais de evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Os grupos que formen a práctica deportiva colectiva non superarán os 6 como máximo de forma simultánea.
- Non se debe compartir a bebida. A chegada facilitarase unha botella a cada participante. Esta poderá ser enchida na fonte da área recreativa.

### MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA COMIDA (Organización e deportistas)

- Distribuirase os equipos nas mesas da área recreativa segundo a súa área sanitaria
- Haberá mesas de 6 persoas (2 equipos) e mesas de 9 persoas (3 equipos)
- O primeiro plato (distintos tipos de empanadas) así como a bebida individual xa estará colocada en cada mesa.
- O segundo prato (lacón e churrasco) e o postre será acercado por un ou dos membros da organización que teñan a pauta completa da vacinación e sempre coa máscara posta.
- Así mesmo, controlarase que participantes e organización manteñan a distancia de seguridade establecida.

## MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

- Utilizaráanse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) ou outro desinfectante recentemente preparada en auga a temperatura ambiente.
- No caso de materiais, ou equipamentos manipulados por diferentes persoas (burbullas e balóns) este será desinfectado entre cada cambio de equipo.
- Será obrigatorio o uso de xel hidroalcohólico ou desinfectante con carácter previo e posterior ao seu uso.

## OUTRAS MEDIDAS

- Promoverase o pagamento previo por transferencia, bizum ou outros medios que non supoñan contacto físico.
- Contarase cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénicasanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Facilitarase información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Existirá un rexistro de asistentes, coa información de contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

*Actualizado a 26 de xullo de 2021 as 11:03*